



RESUMEN DAS ACTIVIDADES DE ESQUI E NEVE

- **Sábado 26 de Xaneiro : XORNADA DE ENCERADO E MANTENEMENTO DE ESQUIS.**

No local social a partir das dez da mañán, faremos unha xornada de preparación do material de esquí de travesía.

- **Domingo 27 de Xaneiro: XORNADA DE INICIACIÓN AO ESQUÍ DE TRAVESÍA A REALIZAR EN MANZANEDA.**

Dado que a cantidade de material de esquí que temos no Club é limitado, faremos unha xornada para practicar a colocación de peles de foca, ascensión con esquis e descenso, e tamén a utilización do ARVA.

Actividade destinada a socios sen experiencia e interesados en achegarse ao esquí de Travesía, pero que xa teñan algún coñecemento do esquí en pista.

O transporte será en vehículos particulares. A actividade iniciárase sobre as 10:00 da mañá na estación de esquí de Manzaneda.

PASEO CON RAQUETAS DE NEVE A REALIZAR EN MANZANEDA

Farase un paseo con raquetas de neve por Manzaneda, tendo en conta que este material non está pensado para salvar desniveis nin para andar en chans duros, por eso nos se empregan para realizar ascensións de alta montaña.

Os itinerarios para pasear con raquetas de neve teñen que ser relativamente lisos, e sempre nevados e fáciles de percorrer, como camiños ou pistas forestais.

O Club porá a disposición dos socios as raquetas, e farase un percorrido posiblemente ato o cumio de Manzaneda.

A actividade levarase a cabo ao mesmo tempo que a de esquí de travesía, tratando de coincidir no percorrido.



- **Sábado 2 y Domingo 3 de Febreiro: IV PERCORRIDO DE ESQUI DE MONTAÑA. A REALIZAR EN O CORNON E CUETO DE ARBÁS.**

Actividade da FGM organizada por Club Montañeiros Celtas, para todos os Federados dos Clubs de Galicia que teñan experiencia en esquí de travesía.

O transporte será vehículos particulares, ata o Campamento de Turismo Rural “El Guadeño” en Villablino. Dende alí farase un primeiro percorrido o sábado dende Lumajo at ao Cornón, cun horario estimado de 6 horas.

O Domingo realizarase a Ascensión ao Cueto de Arbás, nunha ascensión estimada de 3 horas, retornando despois do xantar a Vigo.

- **Sábado 23 de Febreiro e Domingo 24 de Febreiro: XORNADA DE ESQUI EN SAN ISIDRO LEON**

Clásica saída anual de esquí alpino á estación de San Isidro.

Sairase puntualmente o Venres as 08:00 fronte ao Club, chegando sobre as 1:00 da madrugada ao Albergue La Mina.

O Club encargárase das reservas do albergue e forfait. O material poderase alugar na estación, e despois de dous días esquiando, sobre as 17:00 iniciamos o retorno a Vigo.

- **Sábado 8 e Domingo 9 De Marzo: ACTIVIDAD DE ESQUI DE TRAVESIA EN QUIROS**

Actividade de Esquí de travesía, dirixida a deportistas que teñan experiencia neste deporte, xa que ten unha dificultade medio-alta.

A estancia será no Albergue Rural de Arrojo en Quiros Asturias (985-768209).

Írase en vehículos particulares, con chegada o venres para durmir.

A actividade máis importante será a do sábado de mañá cedo.

Pola noite ceárase no albergue e o domingo se organizará outra actividade máis suave, para regresar a Vigo despois do xantar.